

6 Julio de 2015 - Revista 1028

# *Revista Semanal*

da Rede Galega de Información Xuvenil



**xuventude.net**

EN PORTADA / 2

NOVAS FORMACION / 11

BOLSAS E AXUDAS / 12

PREMIOS E CONCURSOS / 13

NOVAS DE EMPREGO / 14

EN PORTADA

## Mañá comeza a campaña de verán da Consellería de Traballo e Benestar que oferta 8.530 prazas, un 3,2% máis que en 2014

Martes, 30 Xuño 2015 14:13

• A programación, que se prolongará ao longo do verán, favorecerá tamén a contratación de 900 monitores de tempo libre e directores.



• A campaña inclúe campamentos para os máis novos, campos de traballo, oferta concertada e actividades para maiores de 18 anos.

• Por cuarto ano consecutivo, o Goberno galego volve incrementar o número de prazas, nun 3,2 por cento.

• A principal novidade deste ano é a inclusión das quendas IMPLÍCA-T para maiores de 14 anos que contarán con actividades de educación non formal e voluntariado.

Mañá comeza a campaña de verán organizada pola Consellería de Traballo e Benestar e que este ano ofertará un total de **8.530 prazas**, un 3,2 por cento máis que en 2014. Trátase do cuarto ano consecutivo no que a Xunta aumenta as prazas desta iniciativa. As actividades, que se prolongarán ao longo do verán, favorecerán tamén a contratación de máis de 900 monitores e directores de campamentos, que son na súa maioría xente nova.

O incremento de prazas non é a única novidade deste ano, senón que tamén se inclúe unha nova programación en campamentos para os maiores de 14 anos -as quendas **IMPLÍCA-T**- que contarán con actividades de educación non formal e voluntariado.

A Xunta inviste 2,4 millóns de euros en desenvolver esta campaña, que inclúe: campamentos para menores de entre 9 e 17 anos, oferta concertada, campos de traballo para maiores de idade, e actividades para maiores de 18 anos.

### Campamentos

Os campamentos, dirixidos a menores de entre 9 e 17 anos, desenvolveranse durante os meses de xullo e agosto nun total de 19 albergues e campamentos por toda a xeografía galega. Ademais, outros 173 mozos e mozas poderán participar en campamentos de intercambio con outras comunidades autónomas (País Vasco, Castela e León, Estremadura, e a Rioxa). Ao mesmo tempo, rapaces e rapazas desas comunidades autónomas tamén poderán vir a Galicia para participar na programación da Xunta.

A duración dos campamentos varía segundo a idade dos participantes, e oscila entre os 8 e os 12 días. Ademais, contan con temáticas moi diversas para adaptarse a todos os gustos: actividades náuticas, coñecemento do medio natural, dramatización, expresión cultural, xogos tradicionais, deportes de multiaventura ou actividades de voluntariado das quendas **IMPLÍCA-T**.

Todos os participantes están en réxime de manutención en pensión completa, e inclúese o material necesario para cada actividade, que está dinamizada por un equipo técnico de monitores especialistas na xestión de ocio educativo. Nos campamentos dispónse tamén de atención sanitaria de primeiros auxilios e os mozos e mozas están cubertos por un seguro de accidentes e responsabilidade civil.

Ademais, como en anos anteriores, a Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado colabora coa Secretaría Xeral de Emigración para facilitar a participación de descendentes de emigrantes galegos. A maiores, tamén se reservan unha serie de prazas para colectivos específicos, que son xestionadas polas secretarías xerais de Igualdade e de Política Social, e pola Dirección Xeral de Familia e Inclusión.

### Campos de traballo

Na campaña tamén se inclúen os campos de traballo, con máis de **700 prazas**: 465 de acollida en Galicia, e outras 260 de partida, un 19% máis que o ano anterior. En concreto, das prazas no exterior, 115 serán noutras comunidades autónomas, e 150 estarán distribuídas en máis de 25 países de todo o mundo.

Os campos de traballo de Galicia son 18: Illas Cíes (4 quendas), Cotobade, Ribadumia, Illa de Cortegada (Vilagarcía), Riós, Muíños, Celanova, Vilar de Barrio, Portomarín, Xermade, Quiroga, Outes, A Laracha (2 quendas), Ponteceso, Boqueixón, Rois e Padrón.

As quendas son de 10 ou 12 días ao longo do verán e os voluntarios poderán participar en actividades ambientais, etnográficas, sociais, arqueolóxicas ou de fomento do emprendemento. Os campos de traballo galegos están dirixidos tanto aos mozos e mozas galegos, como a residentes noutras comunidades autónomas, procedentes de países estranxeiros, así como a voluntarios da Galicia exterior.

## A Xunta ofrece en Curtis información sobre o programa 'Galeuropa' dirixido a mozos e mozas que se poderán inscribir ata o 15 de xullo

Martes, 30 Xuño 2015 16:57

• A directora xeral de Xuventude e Voluntariado, Cecilia Vázquez, realizou hoxe unha visita ao Espazo Xove de Curtis.

• A iniciativa está dirixida para menores de 25 anos para a realización de prácticas formativas non remuneradas en entidades ou empresas de 31 países europeos.

• Preténdese axudar a financiar a mobilidade da mocidade galega, ben directamente concedendo axudas aos participantes ou mediante axudas a entidades sen ánimo de lucro.

• A duración das prácticas formativas será de dous meses consecutivos, no caso de axudas a mozos e mozas, e dun máximo de tres meses consecutivos para axudas a proxectos.



O prazo de inscrición para solicitar unha praza no programa de mobilidade transnacional xuvenil **Galeuropa** remata o próximo **15 de xullo**. A directora xeral de Xuventude e Voluntariado, Cecilia Vázquez, visitou hoxe o Espazo Xove de Curtis onde ofrece información sobre esta iniciativa á que a Consellería de Traballo e Benestar destina preto dun millón de euros.

A actuación enmárcase dentro do **Programa Operativo de Emprego Xuvenil** cofinanciado pola **Iniciativa de Emprego Xuvenil** e o **Fondo Social Europeo**. Ten por obxecto a concesión de axudas para proxectos de mobilidade dirixidos a mozos e mozas menores de 25 anos para a realización de prácticas formativas non remuneradas en entidades ou empresas de 31 países europeos.

Esta convocatoria de mobilidade transnacional xuvenil responde ao traballo en rede de distintas entidades de países europeos e está liderada polo *Ministerio de Trabajo e Asuntos Sociais de Alemaña*. Poderán realizarse nos seguintes países: *Lituania, Hungría, Letonia, Estonia, Turquía, R. Checa, Croacia, Eslovenia, Bulgaria, Romanía, Portugal, Eslovaquia, Malta, Grecia, Bélxica, Luxemburgo, Chipre, Alemaña, Austria, Países Baixos, Italia, Polonia, Francia, Islandia, Suecia, Finlandia, Liechtenstein, Irlanda, Reino Unido, Dinamarca e Noruega*.

Os participantes deberán estar inscritos no ficheiro do *Sistema Nacional de Garantía Xuvenil* e cumprir os seguintes requisitos: non ter traballado nin recibido accións formativas de máis de 40 horas nos trinta días naturais anteriores ao momento de recibir a actuación.

Con este programa preténdese promover e axudar a financiar a mobilidade da mocidade galega para que realice estadias de prácticas formativas non remuneradas en entidades ou empresas públicas ou privadas de países europeos enumerados nas táboas de cada convocatoria de axudas, ben directamente concedendo axudas individuais aos mozos e mozas participantes ou mediante concesión de axudas a proxectos de mobilidade de concellos ou de entidades sen ánimo de lucro que desenvolven actividades no eido da xuventude. A finalidade do programa de mobilidade transnacional xuvenil é reforzar a empregabilidade e as competencias profesionais dos mozos, contribuíndo á mellora da súa formación mediante a adquisición de experiencia profesional para a súa incorporación ao mercado de traballo, ao tempo que se apoia a adquisición de competencias en idiomas estranxeiros.

A directora xeral recordou que *"o Plan de Emprego Xuvenil da Xunta de Galicia destaca que a mobilidade, tanto nacional como europea, pode constituír un elemento fundamental na formación dos mozos e mozas, tanto pola experiencia adquirida como polo apoio que pode supoñer na aprendizaxe dun idioma estranxeiro"*.

## Chegan os primeiros participantes do programa 'Conecta con Galicia', que este ano fai posible que 174 descendentes de galegos convivan con mozos residentes na Comunidade

**Mercores, 01 Xullo 2015 16:00**

- A iniciativa desenvólvese en dúas modalidades, unha de actividades ao aire libre e outra en campos de traballo.



Os primeiros participantes da edición deste ano do programa da **Campaña de Verán 'Conecta con Galicia'**, dirixido a mozos e mozas de orixe galega ou descendentes de galegos e que residen no Exterior, aterraron esta mañá nos aeroportos da Coruña e Santiago. No primeiro deles, foron recibidos polo secretario xeral da Emigración, Antonio Rodríguez Miranda, e maila delegada da Xunta na Coruña, Belén Do Campo; e no compostelán, Miranda estivo acompañado pola subdirectora xeral do Instituto da Xuventude de Galicia, María Mosteiro.

Trátase dunha iniciativa da propia *Secretaría Xeral da Emigración* en colaboración coa *Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado*, pola que se pretende que este colectivo teña oportunidade de coñecer de primeira man a realidade galega, e atoparse cos seus familiares da outra beira do Atlántico no marco da *Campaña de Verán da Consellería de Traballo e Benestar*.

O programa ten como obxectivo fortalecer esas ligazóns que relacionan a estes mozas e mozos coa terra dos seus familiares e que, en moitas ocasións, senten como propia ao mesmo ou superior nivel dos países onde naceran. A iniciativa, para moitos deles, supón a primeira posibilidade de coñecer fisicamente a terra dos seus devanceiros, e as xeracións da familia que quedaron na Galicia territorial.

Así, o programa permite que 174 descendentes de cidadáns galegos poidan coñecer a realidade da mocidade galega a través da convivencia e das experiencias que lles acheguen as actividades previstas, e sobre todo da convivencia persoal e humana cos seus coetáneos desta parte do océano, pois a estadia realízase conxuntamente cun colectivo de rapaces e rapazas residentes na Galicia territorial.

### Actividades de aire libre

'**Conecta con Galicia**' desenvólvese en dúas modalidades. A primeira delas son actividades de aire libre, modalidade da que se beneficiarán 155 mozos e mozas galegos residentes fóra de Galicia, distribuídos en dous grupos de idade, de 14 a 17 anos e de 18 a 20 anos. Compartirán con mozos e mozas residentes en Galicia, en dúas quendas de doce días, do 1 ao 12 de xullo e do 15 ao 26 de xullo, as residencias e albergues xuvenís situados en Galicia e dependentes da *Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado*, da *Consellería de Traballo e Benestar*.

Nestas instalacións realizarán dúas actividades, de seis días cada unha. Durante a primeira, denominada **"Cultura e Camiño"**, os participantes aloxaranse nas *residencias xuvenís Lug II de Lugo*, e *Florentino López Cuevillas de Ourense*, onde participarán en actividades dirixidas a coñecer o patrimonio histórico cultural das respectivas zonas, e percorreren o Camiño de Santiago en varias etapas ata o destino final en Compostela. O segundo grupo de actividades, tamén de seis días de duración, desenvólvese baixo o paraugas do epígrafe **"O mar de Galicia"** no albergue xuvenil de *Gandarío en Bergondo* (A Coruña) onde realizarán actividades de náutica de lecer e de coñecemento do medio mariño.

### Campos de traballo

A segunda modalidade son os campos de traballo, da que se benefician 20 mozas e mozos da diáspora, que durante a súa estadia conviven tamén con compañeiros residentes na Comunidade Autónoma. É unha modalidade concibida para participantes con idade comprendidas entre os 20 e 30 anos, na que desenvolven actividades de colaboración desinteresada e voluntaria en traballos diversos na procura dun maior coñecemento da cultura galega, da mellora ambiental da contorna, e da recuperación do patrimonio cultural e arquitectónico.

Con carácter previo á realización da viaxe a Galicia, os mozos e mozas seleccionados, tanto nunha modalidade como na outra, asistiron a sesións informativas nos seus países de orixe, especificamente encamiñadas ao coñecemento da realidade galega en xeral e das actividades a desenvolver no programa en particular.

Tamén foron informados das súas obrigas respecto do cumprimento do réxime interno das residencias ou albergues en que serán aloxados. Precisamente, na súa viaxe a Arxentina e Uruguai da pasada semana, Rodríguez Miranda tivo ocasión de compartir con eles unha desas xuntanzas preparatorias.

#### Países

Na edición deste ano 2015, un total de 89 participantes no programa proceden da Arxentina (81 para actividades ao aire libre, e 8 para campos de traballo), 43 do Uruguai (37 e 6), 22 de Venezuela (20 e 2), 10 de Brasil (8 e 2), 9 de Cuba (7 e 2), e 1 de Perú (beneficiario das actividades ao aire libre).

#### Campaña de Verán

No seu conxunto, a Campaña de verán da *Consellería de Traballo e Benestar* ofertará este ano un total de 8.530 prazas, un 3,2 por cento máis que en 2014. As actividades, que se prolongarán ao longo do verán, favorecerán tamén a contratación de máis de 900 monitores e directores de campamentos, que son na súa maioría xente nova.

A Xunta inviste 2,4 millóns de euros en desenvolver esta campaña, que inclúe: campamentos para menores de entre 9 e 17 anos, oferta concertada, campos de traballo para maiores de idade, e actividades para maiores de 18 anos.

## Quince persoas con diversidade funcional participan na Illa de Sálvora no programa de voluntariado ambiental da Xunta

Xoves, 02 Xullo 2015 16:31

- A directora xeral de Xuventude e Voluntariado, Cecilia Vázquez, e a de Conservación da Natureza, Verónica Tellado, participaron hoxe en Sálvora na xornada de voluntariado ambiental xunto con 15 membros de Amigos.
- No programa que se desenvolve no Parque Nacional das Illas Atlánticas poden participar ata o mes de setembro 250 voluntarios e voluntarias maiores de 16 anos.
- Os participantes executarán 2.000 xornadas de acción voluntaria nas illas Cíes, Ons, Sálvora e Cortegada.
- As accións que realizarán en Ons, Sálvora e Cortegada centraranse especialmente na colaboración cos técnicos do propio Parque Nacional en tarefas de oceanografía e recursos mariños, fauna, flora e biodiversidade.



As directoras xerais de Xuventude e Voluntariado, Cecilia Vázquez, e de Conservación da Natureza, Verónica Tellado, participaron hoxe na Illa de Sálvora nunha xornada de voluntariado ambiental xunto con 15 membros de Amigos, unha asociación de persoas con discapacidade psíquica. Esta iniciativa forma parte do programa de voluntariado ambiental no **Parque Nacional das Illas Atlánticas 2015**.

Neste programa poden participar ata o mes de setembro arredor de 250 voluntarios e voluntarias maiores de 16 anos, aínda que os menores de idade só poderán tomar parte coa autorización dos pais. Os participantes executarán 2.000 xornadas de acción voluntaria nas illas Cíes, Ons, Sálvora e Cortegada.

O programa de voluntariado ambiental no **Parque Nacional das Illas Atlánticas** permite canalizar, a través do voluntariado, a participación activa da sociedade no coidado e na conservación deste refuxio da biodiversidade, ao tempo que permite aos voluntarios gozar do parque e dos seus valores, así como axudar nas tarefas de recuperación dos ecosistemas dos arquipélagos das Illas Atlánticas.

Os voluntarios e voluntarias teñen cuberta a manutención, o aloxamento, o material necesario para a actividade e contan cun seguro de accidentes e de responsabilidade civil e, ademais, ao finalizar a actividade obterán un certificado acreditativo da acción voluntaria que realicen, que será inscrita como experiencia voluntaria no *Rexistro de Acción Voluntaria de Galicia*.

Este programa de voluntariado ambiental conta nesta edición con catro accións diferentes. No mes de maio, a illa de Ons contou con grupos de 6 persoas voluntarias en quendas de 5 días, de luns a venres. En xullo e agosto, as illas de Sálvora e Cortegada teñen grupos de 8 voluntarios en xornadas diarias, sen pernoctar. Cada martes saíran do porto de Carril cara a Cortegada ás **12,00 horas**, regresando ás **19,00 horas**. E os xoves, a actividade terá lugar en Sálvora, entre as **10,00 e 18,00 horas**, con saída desde Aguiño.

As accións que realizarán en Ons, Sálvora e Cortegada centraranse especialmente na colaboración cos técnicos do propio Parque Nacional en tarefas de oceanografía e recursos mariños, fauna, flora e biodiversidade. Entre outros labores, poderán cooperar na erradicación de especies alóctonas, en apoio ás tarefas de guías e información, na adecuación de sinais indicativas, na reforestación con especies autóctonas ou na limpeza de praias e dunas.

Nas illas Cíes desenvólvense dous tipos de accións nos meses de xullo e agosto. Na primeira, o obxectivo principal é dar apoio ás persoas con diversidade funcional que visitan a illa, ofrecéndolles acompañamento tanto nas visitas guiadas a lugares de interese, como nos momentos de ocio. Esta actividade terá lugar en quendas de 7 días, de mércores a mércores, e poden participar tres voluntarios por quenda.

A segunda das accións das Cíes é un campo de traballo que conta con catro quendas de 12 días de duración cada unha. Poderán participar 120 voluntarios de entre 18 e 30 anos de diferentes nacionalidades, xa que é unha actividade de carácter internacional. A actividade a desenvolver será ambiental e consistirá en labores de mantemento da illa, vixilancia de incendios, traballos de información e sensibilización aos visitantes e intervencións puntuais de mellora no parque.

Ademais, as asociacións de diversidade funcional tamén realizan quendas especiais, como a de hoxe en Sálvora.



## A Xunta ofrece en Santiago información sobre 'Galeuropa' para mozos e mozas que se poden inscribir ata o 15 de xullo

Venres, 03 Xullo 2015 06:49

A Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado da Consellería de Traballo e Benestar celebrou hoxe en Santiago unha xornada informativa sobre o programa de mobilidade trasnacional xuvenil **Galeuropa**, dotado con preto dun millón de euros e enmarcado dentro do **Programa Operativo de Emprego Xuvenil** cofinanciado pola **Iniciativa de Emprego Xuvenil** e o **Fondo Social Europeo**.

O **prazo** de solicitudes de axudas está aberto ata o **15 de xullo** e poden presentar o seu proxecto de mobilidade os mozos e mozas directamente, as entidades sen ánimo de lucro con sede permanente ou domicilio social en Galicia que desenvolvan actividades no eido da xuventude; e concellos, agrupacións ou mancomunidades de Galicia validamente constituídas, así como as entidades resultantes da fusión de municipios.

Os participantes serán mozos e mozas que teñan máis de 16 anos e menos de 25. Estas persoas deberán estar inscritas no ficheiro do **Sistema Nacional de Garantía Xuvenil** no ámbito de Galicia e acreditar previamente o cumprimento dos requisitos de acceso.

A finalidade do programa é reforzar a empregabilidade e as competencias profesionais dos/as mozos/as non ocupados/as e non integrados/as nos sistemas de educación ou formación, contribuíndo á mellora da súa formación mediante a adquisición de experiencia profesional para a súa incorporación ao mercado de traballo, ao tempo que se apoia a adquisición de competencias en idiomas estranxeiros.

A duración das prácticas formativas será de dous meses consecutivos, no caso de axudas individuais a mozos e mozas; e máximo de tres meses consecutivos para axudas a proxectos presentados por entidades sen ánimo de lucro e por entidades locais ou agrupacións de entidades locais. As prácticas deberán realizarse como máximo ata o **30 de novembro**.

As prácticas formativas non retribuídas poderán realizarse en calquera empresa ou entidade pública ou privada dos seguintes países: *Lituania, Hungría, Letonia, Estonia, Turquía, R. Checa, Croacia, Eslovenia, Bulgaria, Romanía, Portugal, Eslovaquia, Malta, Grecia, Bélxica, Luxemburgo, Chipre, Alemaña, Austria, P. Baixos, Italia, Polonia, Francia, Islandia, Suecia, Finlandia, Liechtenstein, Irlanda, Reino Unido, Dinamarca e Noruega*. O período de duración das prácticas abarca, dende o día seguinte á publicación da convocatoria no **DOG** ata o **30 de novembro** como máximo.

A contía da axuda por beneficiario estará en función do país de realización da práctica formativa e en función da duración da mesma. O importe da axuda total incluírá un apoio para os gastos de aloxamento e manutención, sociolingüístico, para a viaxe e para gastos excepcionais. E para os proxectos de mobilidade promovidos polos concellos e entidades sen ánimo de lucro se prevé unha axuda para os aspectos organizativos, á execución do proxecto e ás necesidades especiais.

## Entrega dos certificados de profesionalidade de informador Xuvenil

Venres, 03 Xullo 2015 11:07



A *Directora Xeral de Xuventude, Cecilia Vázquez*, participou no acto de entrega de diplomas e acreditacións oficiais das cualificacións e certificacións de profesionalidade, onde estivo acompañada polo *presidente da Xunta, Alberto Nuñez*, pola *ministra de Traballo, Fátima Báñez*, pola *conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato*.

Desde que **marzo de 2011** Galicia convocou de forma pioneira o primeiro acceso a estas acreditacións de experiencia profesional, xa se realizaron sete convocatorias -a **última en decembro de 2014**-. Do mesmo xeito, xa se ofertaron preto de 10.000 prazas en especialidades como atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais ou en domicilio, información xuvenil,

servizos para o control de pragas, socorrismo en espazos naturais ou en instalacións acuáticas e tamén para profesións como redeiras, operarios de soldadura, transporte sanitario, ou extinción de incendios, entre outras.

### Cooperación co Ministerio de Emprego e Seguridade Social

Por iso, en vista dos resultados, o presidente asegurou que a vontade da Xunta é seguir nesta liña, aprobando novas convocatorias e fomentando a cooperación co *Ministerio de Traballo e Seguridade Social*. Con respecto a isto, aludiu ao convenio que se vai asinar entre ambas administracións para financiar diversas actuacións no ámbito da cualificación profesional.

Por outra banda, Feijóo puxo en valor a decisión de que Galicia sexa a sede dun seminario que se celebrará nos vindeiros meses sobre boas prácticas no recoñecemento da experiencia profesional.

## Un total de 240 mozos e mozas participarán este verán no campamento xuvenil 'Furelos' de Melide

Venres, 03 Xullo 2015 11:50

• A *directora xeral de Xuventude e Voluntariado, Cecilia Vázquez*, e a *alcaldesa da localidade, Ánxeles Vázquez*, visitaron hoxe aos 60 participantes da quenda actual.

• A *instalación acollerá tamén unha das novidades da campaña de verán deste ano: a quenda Implíca-T, na que mozos e mozas combinarán accións de voluntariado con actividades máis lúdicas*.

Un total de **240 mozos e mozas** de entre 12 e 17 anos participarán este verán nalgunha das 5 quendas que terán lugar no campamento xuvenil "**Furelos**" de Melide.



A directora xeral de Xuventude e Voluntariado, Cecilia Vázquez, e a alcaldesa da localidade, Ánxeles Vázquez, visitaron hoxe ao grupo de **60 rapaces e rapazas** de entre 12 e 14 anos que están participando actualmente na actividade **"Natureza no camiño"** con actividades de bicicleta, tiro con arco, orientación, sendeirismo e outras relacionadas coa temática do Camiño de Santiago.

A responsable autonómica destacou ademais que esta instalación acollerá dúas das quendas Implíca-T, do **17 ao 28 de xullo e do 14 ao 25 de agosto**, con 60 mozos na primeira e 30 na segunda.

Os participantes, de entre 14 e 17 anos, colaborarán como voluntarios en accións relacionadas co Camiño, ademais de practicar outras actividades máis lúdicas como o tiro con arco ou o sendeirismo. As quendas Implíca-T son a principal novidade desta campaña de verán.

En total, en 2015 o departamento autonómico investirá máis de 2,4 millóns de euros para financiar as máis de 8.500 prazas da Campaña de Verán, que se distribúen en campamentos, actividades para maiores de 18 anos, e campos de traballo de toda Galicia. A oferta deste ano é superior nun 3,2% á do 2014.

Ao mesmo tempo, estas actividades permitirán a contratación este verán de máis de 900 monitores e directores de campamentos, na súa gran maioría xente nova.

Os campamentos, como o de Melide, terán lugar nos **mes de xullo e agosto**, nun total de 19 albergues e campamentos da xeografía galega.

## Máis de 1.300 mozos e mozas participarán nas actividades programadas no Complexo Xuvenil As Mariñas na campaña de verán

Luns, 06 Xullo 2015 10:43

- A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, visitou hoxe aos 200 participantes da primeira quenda do mes de xullo.
- As actividades relacionadas co mar son a especialidade deste albergue, que conta cun importante equipamento para que os participantes aprendan técnicas básicas de navegación a vela ou windsurf.
- Beatriz Mato indicou que estas instalacións, xunto cos outros 17 albergues e campamentos de Galicia que participan na campaña deste ano, "ofrecen á mocidade e ás súas familias un recurso de ocio educativo e tempo libree conciliación".
- Así mesmo, indicou que, como novidade deste ano, inclúense por primeira vez na programación as quendas IMPLÍCA-T, que contarán con actividades de educación non formal e voluntariado para mozos de entre 14 e 17 anos.
- En 2015 investiranse 2,4 millóns de euros para o desenvolvemento desta campaña, un 4,5% máis que o pasado ano.
- Con ese esforzo económico, financiaranse 8.530 prazas en campamentos, actividades para maiores de 18 anos e campos de traballo, un 3,2% máis que en 2014.



Un total de 1.330 mozos e mozas participarán este ano nas actividades programadas na **Campaña de Verán no Complexo Xuvenil As Mariñas**, que engloba os **albergues de Gandarío** e o da **Marina Española**. De feito, trátase do centro que máis participantes acolle pola súa ubicación **"privilexiada"** a pé de praia.

Precisamente, este emprazamento converte as actividades relacionadas co mar na especialidade deste albergue, que conta cun importante equipamento para que os participantes aprendan técnicas básicas de navegación a vela ou windsurf, ao tempo que obteñen coñecementos prácticos do medio mariño.

A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, visitou hoxe aos 200 participantes da primeira quenda do mes de xullo e lembrou a **"inequívoca"** aposta da Xunta por estes dous albergues que se plasmou o pasado ano nas obras de mellora que se executaron nas instalacións. Unha actuación na que se investiron 300.000 euros para mellorar e actualizar as infraestruturas, o equipamento e o sistema de calefacción do complexo xuvenil. Estas obras enmárcanse dentro do *Plan de Mellora das Instalacións Xuvenís de Galicia*, desenvolto entre 2013 e este mesmo ano cun investimento total de máis de 700.000 euros.

Beatriz Mato indicou que estas instalacións, xunto cos outros 17 albergues e campamentos de Galicia que participan na campaña deste ano, "ofrecen á mocidade e ás súas familias un recurso de ocio educativo e tempo libre". "As actividades non só axudan aos mozos e mozas a incrementar as súas habilidades sociais, tamén supoñen unha magnífica oportunidade de educación non formal e un recurso de conciliación da vida familiar e laboral, tamén contribúen a mellorar o coñecemento do medio natural, fomentan as actividades culturais e promoven a práctica de deportes, xa sexan tradicionais, de aventura ou náuticos", apuntou.

Así mesmo, indicou que, como novidade deste ano, inclúense por primeira vez na programación as quendas **IMPLÍCA-T**, que contarán con actividades de educación non formal e voluntariado para mozos de entre 14 e 17 anos. Trátase dunha nova actividade da que tamén poden disfrutar os mozos inscritos no campamento de Gandarío a partir de agosto.

Os campamentos xuvenís forman parte da oferta da **Campaña de Verán** que arrincou oficialmente a semana pasada. Unha campaña que, "un ano máis, refórzase en Galicia, mentres outras Comunidades prescinden dela".

En **2015** investiranse 2,4 millóns de euros para o desenvolvemento desta campaña, un 4,5% máis que o pasado ano. Con ese esforzo económico, financiaranse 8.530 prazas en campamentos, actividades para maiores de 18 anos e campos de traballo, un 3,2% máis que en 2014.

Grazas ao desenvolvemento destas actividades, as empresas de ocio e tempo libre galegas dan traballo a máis de 900 monitores e directores de campamentos. Ademais, estes 900 profesionais son na súa maioría xente nova, que conforman un equipo técnico especializado na xestión do ocio educativo e do tempo libre.

Doutra banda, a conselleira aproveitou a súa visita para saudar aos 60 participantes do **programa Conecta con Galicia**, un programa de convivencia entre rapaces galegos e descendentes de emigrantes co que se busca acercarlles á realidade galega e ás súas raíces.



## Un total de 55 mozos e mozas participarán no verán en campos de traballo da comarca de Santiago

Luns, 06 Xullo 2015 15:25

- A directora xeral de Xuventude e Voluntariado, Cecilia Vázquez, visitou hoxe aos 15 participantes do campo de Padrón.
- Están a tomar parte nesta actividade mozos e mozas procedentes doutros países, como México, Corea do Sur, Rusia, ou República checa.
- Ademais, durante o mes de agosto tamén se desenvolverán iniciativas similares en Rois e Boqueixón.



Un total de **55 mozos e mozas** de todo o mundo participarán durante o verán nalgún dos tres campos de traballo que a Consellería de Traballo e Benestar organiza na comarca de Santiago, en concreto, nas localidades de Padrón, Rois, e Boqueixón.

A directora xeral de Xuventude e Voluntariado, Cecilia Vázquez, e o alcalde de Padrón, Antonio Fernández, visitaron hoxe aos 15 participantes que están a tomar parte no campo que se está a desenvolver nesta localidade desde o **día 1** e que se prolongará ata o **10 de xullo**.

Nesta actividade están a participar mozos e mozas de México, Corea do Sur, Rusia, República Checa, doutras comunidades autónomas e de Galicia. Os participantes están realizando accións de dinamización e conservación do Camiño de Santiago ao seu paso por Padrón, como labores de limpeza –incluído o tramo do río Sar-, ou xornadas de recoñecemento e sinalización dos posibles erros do Camiño.

Ademais, na comarca tamén se realizarán campos de traballo en **Rois e Boqueixón**, ambos entre o **1 e o 12 de agosto** e con 20 participantes.

No caso de **Rois**, os voluntarios realizarán traballos de intervención arqueolóxica no *castro de Socastro*, que consistirán principalmente na escavación, prácticas de limpeza, siglado e debuxo arqueolóxico.

En **Boqueixón**, a iniciativa consistirá na posta en valor do patrimonio cultural e artístico galego a través da dinamización do *Pico Sacro* e do *Camiño de Santiago* nos concellos de *Santiago de Compostela*, *Boqueixón* e *Vedra*. O campo está baseado na **obra Dragal: A fraternidade do dragón**, un proxecto transmedia da escritora *Elena Gallego*.

Segundo explicou a responsable autonómica, os participantes nestas iniciativas non só se ocuparán dos labores propios do campo de traballo, senón que tamén contarán cunha programación complementaria, na que se inclúen actividades como obradoiros de artesanía, participación en festas tradicionais, talleres de aproximación á música e á lingua galega, ou visitas a diferentes vilas e comarcas galegas.

En total, a campaña de verán da Xunta ofertará este ano 700 prazas en campos de traballo: 465 de acollida, e outras 260 de partida, un 19% máis que o ano anterior. En concreto, das prazas no exterior, 115 son noutras comunidades autónomas, e 150 distribuiranse en máis de 25 países de todo mundo.

Os campos de traballo de Galicia son 18: *Illas Cíes (4 quendas)*, *Cotobade*, *Ribadumia*, *Illa de Cortegada (Vilagarcía)*, *Riós*, *Muíños*, *Celanova*, *Vilar de Barrio*, *Portomarín*, *Xermade*, *Quiroga*, *Outes*, *A Laracha (2 quendas)*, *Ponteceso*, *Boqueixón*, *Rois* e *Padrón*.

En 2015, o departamento autonómico investirá máis de 2,4 millóns de euros para financiar preto de 8.530 prazas da campaña de verán, entre campamentos, actividades para maiores de 18 anos e campos de traballo en Galicia. Esta programación permitirá, á súa vez, a contratación duns 900 monitores e directores de campamentos durante os meses de verán.

### EN PORTADA NOVAS E ACTIVIDADES

## Bolsas de colaboración de estudantes en departamentos universitarios

Martes, 30 Xuño 2015 06:45



O Ministerio de Educación convoca **2356 bolsas** para promover a iniciación en tarefas de investigación dos estudantes universitarios que vaian finalizar os estudos de segundo ciclo ou de Grao ou que estean a cursar primeiro curso de Másteres universitarios oficiais.

Non se concederán estas bolsas para o alumnado que estea a cursar o *Proxecto de Fin de Carreira* cando este non constitúa unha materia do plan de estudos.

A dotación total e única da bolsa para todos os beneficiarios será de 2.000 €.

#### Requisitos:

Seguir durante o curso 2015-2016, por ensino oficial, os estudos nos que se encontran matriculados.

Presentar un proxecto de colaboración a desenvolver dentro dalgunha das liñas de investigación en curso dos departamentos universitarios.

Prestar a súa colaboración a razón de tres horas diarias durante oito meses a contar dende a data de incorporación ao destino correspondente, nos termos recollidos no proxecto de colaboración na universidade na que está matriculado no curso 2015-2016.

#### Requisitos académicos:

Non estar en posesión ou en disposición legal de obter un título académico de Licenciado, Enxeñeiro, Arquitecto, Graduado ou Máster oficial.

Estar matriculado en 2015-2016 en ensino oficial da totalidade das materias ou créditos que lle resten para finalizar os seus estudos.

Ter superado todo o primeiro ciclo e, polo menos, o 45 por cento dos créditos que integran o segundo ciclo, con excepción dos estudantes de Medicina que deberán ter superado o 60 por cento destes. No caso dos estudantes de Grado encontrarse cursando os últimos créditos para completar os requisitos para a obtención do título, e superar 180 créditos.

Ter como nota media dos créditos superados a que se refire o parágrafo anterior a que se sinala a continuación para cada unha das ramas de titulacións universitarias oficiais:

7,25 puntos para a rama de Enxeñaría e Arquitectura ou Ensinanzas Técnicas.

7,70 puntos para as ramas de Ciencias ou Ciencias Experimentais e para Ciencias Sociais e Xurídicas.

7,80 puntos para a rama de Ciencias da Saúde e;

8,00 puntos para a rama de Artes e Humanidades.

A solicitude deberase cumprir mediante o formulario accesible por vía telemática a través da sede electrónica do Departamento na dirección <https://sede.educacion.gob.es> no apartado correspondente a «Trámites e Servizos» e enviala antes do **15 de setembro de 2015**.

Máis información no BOE do 30 de xuño de 2015 e en [www.educacion.es](http://www.educacion.es)

## Plan Proxecta 2015-2016

Mercores, 01 Xullo 2015 14:27

Correspondentes Xuvenís 3.0



A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria convoca o **Plan Proxecta** dirixido a centros educativos sostidos con fondos públicos, para o curso 2015/2016.

A Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado participa no **Plan Proxecta** cos programas **Correspondentes 3.0, Quérote+, Parlamento Xove e Rede de Centros Escolares Solidarios**.

O **Plan Proxecta** é unha iniciativa dirixida a fomentar a innovación educativa nos centros a través de programas educativos que desenvolvan as competencias clave como eixe do currículo e os elementos transversais, nos cales se inclúe a educación en valores.

Programas do plan Proxecta:

**Secretaría Xeral para o Deporte:**

**1. Xogade:** Fomento e consolidación de hábitos físico-deportivos saudables mediante a participación en actividades deportivas.

**2. Móvete máis:** Participación en actividades de carácter lúdico e transversal para o fomento da actividade física utilizando a música e o movemento.

**3. Deportivo de centro:** Creación de unidades de promoción de actividade física saudable nos centros educativos.

**Máis e mellor actividade física:** Desenvolvemento dunha hora lectiva semanal de Coñecemento do Medio en colaboración co profesorado de Educación Física nun contexto de actividade física e movemento fóra da aula.

**4. DAFIS:** Valoración da condición física para a saúde e realización de actividades de promoción da vida activa e saudable.

**Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia:**

**1. Aprendo programando:** Promoción do uso da programación como ferramenta para desenvolver as competencias do alumnado.

**2. Rapazas emprendedoras nas TIC:** Fomento do emprendemento entre as alumnas de secundaria a través das tecnoloxías da información e da comunicación.

**Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea:**

**1. Cooperación galega:** o mundo que queremos: Fomento da educación para o desenvolvemento, a solidariedade e a loita contra a pobreza.

**Centro Galego de Artes da Imaxe (CGAI):**

**1. Cine en curso:** Exploración da potencialidade pedagóxica da creación cinematográfica.

**2. Fotografía en curso:** Difusión e pedagogía da creación fotográfica nos centros educativos.

**Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea:**

**1. Cooperación galega:** O mundo que queremos. Fomento da educación para o desenvolvemento, a solidariedade e a loita contra a pobreza

**Secretaría Xeral da Igualdade:**

**1. Por 365 días de respecto e igualdade:** Prevención da violencia de xénero dentro do ámbito educativo.

**2. Donas de si:** Visibilización das mulleres como pezas fundamentais do desenvolvemento da sociedade galega.



#### Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas:

- 1. Sostibilidade e Paisaxe:** Formar o alumnado na cultura da sustentabilidade e da valoración da paisaxe próxima.
- 2. MeteoEscolas:** Coñecemento do clima da escola e do seu arredor.
- 3. Terra:** Coñecemento dos espazos que habita o alumnado, facendo fincapé na arquitectura e na identidade territorial. Proxecto para o curso 2015/16: O dereito ao hábitat.
- 4. Recíclate con Sogama:** Fomento da recollida selectiva de residuos.
- 5. Ríos:** Fomento da conservación dos ecosistemas fluviais.
- 6. Protexe os animais:** Fomento da concienciación do alumnado na protección e no respecto polos animais domésticos co fin de garantir a tenza responsable dos animais.
- 7. Naturézate:** Difusión e promoción dos espazos protexidos de Galicia e fomento da concienciación e actitudes do alumnado cara á conservación da natureza.

#### Instituto Galego de Consumo:

- 1. Consumópolis:** Mellora das pautas de consumo responsable do alumnado mediante a participación nun concurso con fases autonómica e estatal.
- 2. Galicons-net:** Investigación do alumnado a través dunha das temáticas propostas:  
Consumo e xénero. Linguaxe publicitaria. Comercio electrónico. Servizos financeiros.

#### Consellería de Sanidade:

- Clases sen fume:** Prevención do tabaquismo.
- Salvavidas:** Fomento de actitudes favorables nos escolares cara á doazón e aos transplantes.
- Cociñando con saúde:** Concienciación do alumnado sobre a importancia da calidade da oferta alimentaria na elaboración dos menús dos comedores escolares.
- Xermoliño:** Promoción da alimentación saudable a través da adquisición de pautas de consumo responsable.
- Xermolón:** Promoción da alimentación saudable a través da adquisición de pautas de consumo responsable.

#### Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado:

- 1. Quérote+:** Asesoramento, formación e información en temas de autoestima, educación, afectivo-sexual e convivencia nas aulas, nas redes sociais e nos espazos de ocio. 2 modalidades:
  - a) Socializando
  - b) Coñecéndonos
- 2. Parlamento Xove:** Fomento do diálogo e a argumentación razoada das ideas propias como ferramenta para o consenso.
- 3. Rede de Centros Escolares Solidarios:** Fomento entre os escolares do compromiso como voluntarios/as cunha entidade.
- 4. Correspondentes xuvenís 3.0:** Promoción e difusión de información de interese para a mocidade a través da creación dunha rede de correspondentes xuvenís nos institutos.

#### Consellería do Medio Rural e do Mar:

- 1. Aliméntate ben:** Mellora dos hábitos alimenticios do alumnado. 4 modalidades:  
Froita na escola  
Lácteos na escola  
Ponlle as pilas ao teu bocata (conservas do mar)  
O sabor da aventura está no mar
- 2. O monte vivo:** Participación dos escolares na protección do medio natural fronte aos incendios forestais.
- 3. Montentérate:** O monte é a nosa vida: Fomento do coñecemento da multifuncionalidade do monte, da súa xestión sustentable e da importancia dos montes veciñais en Galicia.

#### Secretaría Xeral de Política Lingüística:

- 1. Nós tamén creamos!:** Promoción da lingua galega a través da creatividade e a incorporación das TIC nas aulas, creando cur-tametraxes en galego.

#### Dirección Xeral do Patrimonio Cultural:

**1. Mirando polo Camiño:** Coñecemento, divulgación e protección do patrimonio cultural vinculado ao Camiño de Santiago.

#### Agadic e Sociedad Xeral de Autores e Editores (SGAE):

**1. Ti es creador:** Exploración das etapas do proceso creativo coa colaboración de autores e artistas que contribuirán a desenvolver experiencias creadoras.

#### Dirección Xeral de Tráfico:

**1. Mobilidade sostible e segura:** Promoción da mobilidade segura e sustentable entre o alumnado.

Os centros educativos poderán solicitar calquera destas actividades ata o día **15 de outubro de 2015**.

Máis información en <http://www.edu.xunta.es/web/node/6180> e no DOG do 1 de xullo de 2015.

Para información do programa Correspondentes 3.0, no Centro Coordinador, teléfono 881 997 606.

## Xuventude.Novas descúbrecos algunhas das mellores praias fluviais para o verán

Xoves, 02 Xullo 2015 14:51



**Xuventude.Novas**, a revista interactiva da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado, ofrece como contido destacado na súa nova edición unha selección de praias fluviais en Galicia. Trátase dunha recomendación fresca de lecer alternativo coa que fuxir da masificación da costa. A reportaxe detense en catro espazos, un por provincia, entre eles a praia fluvial da Calzada, en Ponte Caldelas, a primeira deste tipo que ve recoñecida a súa calidade cunha bandeira azul. Non obstante, por toda a xeografía galega pódense atopar múltiples áreas deste tipo, que ben se poden ter en conta para as vindeiras semanas de elevadas temperaturas. Ademais, a reportaxe dá unha serie de indicacións para combinar as saídas ás praias fluviais coas decenas de rutas de sendeirismo homologadas existentes por toda Galicia.

Neste novo número, proseguen as entrevistas cos gañadores do **certame Xuventude Crea**. Nesta ocasión, **Charo López**, a gañadora da modalidade de poesía, explica as súas premisas á hora de escribir nun xénero no que confesa sentirse *"moi cómoda, aínda que non teña moi clara a razón"*. López, por certo, acadou recentemente o prestixioso **premio Fiz Vergara Vilariño**. Xusto na tarde en que foi realizada a entrevista acababan de comunicarllo.

Por outra parte, na serie de reportaxes sobre as actividades impulsadas polo programa **Iniciativa Xove** descríbese o proxecto **Onda Miñor**, co que o **grupo informal Val de Ondas** de Nigrán (Pontevedra) desenvolveu cursos de iniciación ao medio radiofónico, con nocións teóricas e a realización de espazos propios que difundiron a través das redes sociais. Parte do equipo continúa agora cunha actividade semellante para rapaces e rapazas con discapacidade, en colaboración coa **Fundación Igual Arte**.

Ademais, **Xuventude.Novas** dedica unha das súas páxinas a informar sobre a intención de que a figura dos correspondentes xuvenís 3.0 chegue a máis vilas e cidades no vindeiro curso. No que rematou recentemente, houbo 383 mozos e mozas divulgando información de interese xuvenil entre os seus compañeiros de 75 centros educativos. Foi unha etapa experimental que, á vista da eficacia e dos bos resultados demostrados, a Dirección Xeral pretende intensificar.

A convocatoria de axudas para entidades da mocidade do Injuve, as últimas prazas dispoñibles nos campos de traballo deste verán, e a toma de posesión de **Cecilia Vázquez** como nova **directora xeral de Xuventude e Voluntariado**, en relevo de **Ovidio Rodeiro**, son outros contidos da publicación, que por suposto non esquece a axenda de concertos e actuacións para as vindeiras semanas.

**Nota:** para unha correcta visualización en determinados navegadores de internet, recomendamos descargar o arquivo pdf en vez de abrilo noutra pestana.

## Corrección de erros do Programa Galeuropa

Xoves, 02 Xullo 2015 17:27



No **DOG do 1 de xullo** publicouse unha **corrección de erros do Programa Galeuropa**, pola que se elimina a puntuación mínima esixida para optar as axudas a proxectos presentados por entidades sen ánimo de lucro e entidades locais (apartado 4. Criterios de valoración das bases 2ª e 3ª do Anexo-A)

Orde do **4 de xuño de 2015** pola que se establecen as bases reguladoras do **Programa de mobilidade transnacional xuvenil (Galeuropa)** con cargo ao **Programa operativo de emprego xuvenil** e se procede á súa convocatoria para o ano 2015.

**DOG núm.122 do mércores 1 de xullo de 2015.**

## A Xuventude no mundo: Intercambio xuvenil en Berlin

Venres, 03 Xullo 2015 16:38



Un grupo de **moz@s galeg@s** están a participar estes días nun **intercambio xuvenil en Berlin**. Foron recibidos por **Andreas Hohne**, **concelleiro de Xuventude, Familia e Servizos Sociais do Distrito de Reinickendorf do Concello de Berlín**. A recepción tivo lugar no Centro xuvenil do Distrito.



## Técnicos de inserción laboral. Concello de Ames

Luns, 06 Xullo 2015 10:21

O **Concello de Ames (A Coruña)** convoca proceso selectivo polo procedemento de urxencia con carácter temporal a tempo completo de dous postos de técnicos medios de inserción laboral/prospección de empresas, dentro do programa integrado para o emprego "InserAmes-Brión VIII 2015/2016".

Os interesados poderán presentar as solicitudes no rexistro xeral do Concello ou en calquera dos rexistros establecidos no artigo 38 da lei 30/1992, de 26 de novembro, de *Réxime Xurídico das Administracións Públicas* e do *Procedementos Administrativo Común*, durante os cinco días hábiles seguintes á data de publicación deste anuncio.

O modelo de solicitude, os requisitos e o contido integro das bases poderán acadarse e consultarse polos/as interesados/as na oficina do *Servizo de RRHH do Concello de Ames* e no taboleiro da sede electrónica do *Concello de Ames* ao que poderá acceder a través da páxina web do Concello ([www.concellodeames.org](http://www.concellodeames.org)).

### NOVAS FORMACION OUTROS CURSOS

## Creación de cooperativas de ensino. Unha alternativa ó emprego

Venres, 03 Xullo 2015 10:44



Unión de Cooperativas de Ensino de Galicia convoca o curso "**Creación de cooperativas de ensino. Unha alternativa ó emprego**".

**Curso de 20 horas de formación:** 15 horas presenciais e 5 de prácticas.

Dirixido a profesionais da educación, preferentemente pero non excluínste, que teñan interese en emprender baixo a fórmula de cooperativa.

**Santiago:** 13, 15 e 17 de xullo. **Horario** de 9:30 a 14:30 horas

O curso realizarase no **Centro de Emprendemento da Cidade da Cultura, Santiago**

**Inscripcións:** [https://docs.google.com/forms/d/13Mu81X11\\_Pw33fpxmKNksxXlilM9djpmljqw9YNEc60/viewform](https://docs.google.com/forms/d/13Mu81X11_Pw33fpxmKNksxXlilM9djpmljqw9YNEc60/viewform)

Máis información en [www.ucetag.org](http://www.ucetag.org)

### NOVAS FORMACION CURSOS DE TEMPO LIBRE

## Curso de monitor de ocio e tempo libre en Valga

Martes, 30 Xuño 2015 07:19



A **Escola de tempo libre Coesco** organiza un **curso de monitor de ocio e tempo libre en Valga**, dirixido á mocidade interesada na formación e capacitación profesional do ámbito laboral ocio e tempo de lecer, adquirindo as competencias necesarias que lle axuden a mellorar na empregabilidade no sector a través da obtención do título homologado.

**Lugar de impartición:** Concello de Valga.

**Datas:** do 10 de xullo ao 17 de agosto de 2015.

**Número de participantes máximo:** 25 persoas maiores de 18 anos, cunha titulación mínima exisida de graduado en ESO.

**Prazas limitadas** e por orde de achega.

**Para maior información:**

Escola de tempo libre Coesco  
986 572 025 e 670 017 037  
[www.coesco.com](http://www.coesco.com)

## Curso de Monitores de actividades de Tempo Libre en Barbadás

Mercores, 01 Xullo 2015 14:51



A **Escola de tempo libre Baixa Limia** convoca un **curso de Monitores de actividades de Tempo Libre en Barbadás**.

**Datas:** setembro-novembro de 2015.

**Lugar:** Casa da Cultura da Valenzá. Concello de Barbadás. Ourense.

**Destinatarios:** maiores de 18 anos, que teñan a ESO ou equivalente.

**Máis información na Escola de tempo libre Baixa Limia**, teléfono: 988 456 403

## Curso de Monitores de actividades de Tempo Libre en Vigo

**Venres, 03 Xullo 2015 11:34**

A **Escola de tempo libre Aika** convoca un curso de **Monitores de actividades de Tempo Libre en Vigo**.

**Datas:** do 13 de xullo ao 4 de setembro de 2015

**Horario:** de 9:00 a 14:00 h.

**Lugar:** Escola de tempo libre Aika. R/Torrecedeira 90, baixo. Vigo

**Máis información na Escola de tempo libre Baixa Limia**, teléfono: 886 112 484

<https://www.facebook.com/aikaformacion>

### BOLSAS E AXUDAS ▶ FORMACION PRACTICA

## Bolsas de formación práctica en materia de economía e comercialización pesqueira

**Xoves, 02 Xullo 2015 14:25**



O *Ministerio de Agricultura* convoca **bolsas de formación práctica para titulados universitarios** en materia de economía e comercialización pesqueira.

**Requisitos:**

Título de licenciado ou grao en Administración e Dirección de Empresas, Economía e Finanzas, Estudos Internacionais de Economía e Empresa, Economía, Administración de Empresas, Ciencias Empresariais, Ciencias Económicas e Empresariais, Dereito, ou Xestión e Administración Pública; obtido nos catro anos anteriores á publicación da convocatoria.

Non ter cumprido 28 anos o día de publicación da convocatoria.

Coñecemento de inglés. Valoraranse outros idiomas.

Coñecemento informático nivel avanzado de paquete office.

A contía íntegra destinada a cada bolsa é de 13.404 € anuais, a razón de 1.117 € mensuais.

O **prazo** para presentar solicitudes estará aberto ata o **20 de xullo de 2015**.

**Máis información no BOE do 2 de xullo de 2015.**

## Bolsas no Instituto Nacional de Administración Pública (INAP)

**Venres, 03 Xullo 2015 08:07**



O *Instituto Nacional de Administración Pública (INAP)* convoca **seis bolsas**, das cales catro son destinadas a titulados universitarios na rama de Ciencias Sociais e Xurídicas e dúas destinadas a titulados universitarios nas áreas de Biblioteconomía e Documentación.

O **prazo** para presentar solicitudes estará aberto ata o **11 de xullo de 2015**.

**Máis información no BOE do 24 de xuño de 2015** e en [www.inap.es](http://www.inap.es)

### BOLSAS E AXUDAS ▶ OUTRAS

## Bolsas para participar en accións formativas

**Venres, 05 Xuño 2015 07:22**

A *Consellería de Traballo e Benestar* convoca **bolsas e axudas para as persoas traballadoras desempregadas que participen en accións formativas**.

**Modalidades:**





**Bolsa de asistencia:** Poderá percibir unha bolsa consistente en 9 euros por día de asistencia o alumnado con discapacidade dun grao igual ou superior ao 33 %

**Axudas de transporte, manutención e aloxamento:**

**Axudas á conciliación:**

Axudas para mulleres vítimas de violencia de xénero.

A persoa traballadora desempregada deberá presentar a súa solicitude no prazo dun mes desde a súa incorporación á acción formativa.

As solicitudes poden tramitarse en <https://sede.xunta.es> cos procedemento **TR301V**

Máis información no **DOG 5 de xuño de 2015** e en <http://traballo.xunta.es/>

## Subvencións a concellos de Galicia para as bibliotecas ou axencias de lectura

**Martes, 07 Xullo 2015 13:10**



A *Consellería de Cultura* convoca subvención plurianual a concellos de Galicia para a mellora das coleccións bibliográficas das bibliotecas ou axencias de lectura públicas municipais integradas na *Rede de bibliotecas de Galicia* para o período desde o **1 de maio de 2015** ata o **1 de abril de 2016**.

Será obxecto desta axuda a compra de monografías (tanto libro infantil como libro dirixido ás persoas adultas), material sonoro (CD e vinilo), videogravacións (DVD, Blu-Ray), recursos electrónicos (CD-ROM, DVD-ROM ou calquera outro formato para videoxogos), partituras e material cartográfico (mapas e planos). Estes materiais deberán estar dirixidos ao mantemento ou renovación da colección e terán por obxectivo o préstamo a domicilio ou a consulta dentro das instalacións da propia biblioteca.

Poderán optar a estas subvencións os concellos de Galicia titulares de bibliotecas ou axencias de lectura pública integradas na Rede de bibliotecas de Galicia cunha poboación igual ou inferior a 30.000 habitantes.

O **prazo** para presentar solicitudes estará aberto ata o **8 de agosto de 2015**.

As solicitudes poden tramitarse en <https://sede.xunta.es/portada> co procedemento **CT235A**

Máis información no **DOG do 7 de xullo de 2015** e [www.rbgalicia.xunta.es](http://www.rbgalicia.xunta.es)

## PREMIOS E CONCURSOS

### XII Concurso de Fotografía de Viaxes "Viaxarte 2015"

**Mercores, 01 Xullo 2015 15:44**



O *CMIX da Coruña* convoca o **XII Concurso de Fotografía de Viaxes "Viaxarte 2015"**

**Requisitos:**

Poderán participar as mozas e os mozos residentes en España e que teñan unha idade comprendida entre os 15 e os 30 anos, -ambos incluídos-, na data de finalización de admisión de orixinais. As obras presentaranse a título individual.

Todas as fotografías deberán estar relacionadas co tema das experiencias viaxeiras. As fotografías deben ser orixinais e inéditas e non premiadas noutros concursos.

As/os gañadoras/es de edicións anteriores do **Concurso Viaxarte** non terán opción a premio en ningunha das categorías.

As fotografías terán un tamaño mínimo de 18 x 24 cm e máximo de 40 x 50 cm, e deberán presentarse en soporte de cartón pluma de tamaño 40 x 50 cm. Non se admitirán composicións Tamén se entregará unha copia da fotografía en formato de arquivo dixital JPEG/JPG e de dimensións mínimas de 1024 x 768. En ningún caso, poderá superar os 5 Mb de carga. Xunto coas fotografías, incluírase tamén un arquivo de texto en formato OpenOffice/Word dun máximo de 10 liñas, cun breve resumo da viaxe que motivou a fotografía. Establécense dúas modalidades de participación: fotografía individual e serie fotográfica. As/os concursantes só poderán participar nunha das modalidades e poderán enviar, como máximo, 3 fotografías.

As fotografías identificaranse mediante un título que constará na parte traseira do cartón pluma. Xunto coa/s fotografía/s, presentárase un sobre pechado, en cuxo interior se incluírán a ficha de inscrición, a fotocopia do DNI ou pasaporte. Na parte exterior do sobre, só constarán o título da fotografía ou serie de fotografías presentadas.

No caso de que a/o participante sexa menor de idade, tamén deberá presentar dentro do sobre pechado, a autorización do pai/nai/titor legal así como a copia do DNI da persoa que autoriza a participación.

**Dotación:**

Os premios á mellor fotografía e á mellor serie fotográfica consistirán nunha viaxe para unha ou dúas persoas, a elixir:

Viaxe para unha persoa dunha semana, que se escollerá entre un país europeo.

Viaxe para dúas persoas de 4 días, que se escollerá entre unha cidade europea.

**Inclúen:** voos, hotel 3/4 \* con aloxamento e almorzo e seguro de asistencia de viaxe.

As fotografías gañadoras, xunto cunha selección das presentadas ao certame, serán editadas nun catálogo. Todas as fotografías presentadas ao concurso que cumpran os requisitos expostos nas bases, serán expostas durante o mes de outubro no **Fórum Metropolitano** da Coruña.

O **prazo** para presentar as imaxes estará aberto ata o **2 de setembro de 2015**

**Máis información:**

Centro Municipal de Información Xuvenil da Coruña  
Forum Metropolitano  
R/ Río Monelos, s/n 15006 A Coruña  
Teléfono: 981 184 294  
[cmix@coruna.es](mailto:cmix@coruna.es)  
[www.coruna.es/cmix](http://www.coruna.es/cmix)

NOVAS DE EMPREGO ► EMPREGO PUBLICO

## Prazas no Servizo Galego de Saúde

**Martes, 30 Xuño 2015 06:35**

O Servizo Galego de Saúde convoca concurso-oposición para o ingreso nas seguintes categorías:

Enfermeiro/a especialista en obstetricia e xinecoloxía: 13 prazas  
Fisioterapeuta: 11 prazas  
Logopeda: 2 prazas  
Terapeuta ocupacional: 2 prazas  
Técnico/a superior en anatomía patolóxica e citoloxía: 2 prazas  
Técnico/a superior en hixiene bucodental: 2 prazas  
Técnico/a superior en imaxe para o diagnóstico: 6 prazas  
Técnico/a superior en laboratorio de diagnóstico clínico: 11 prazas  
Técnico/a superior en radioterapia: 2 prazas

Técnico/a en coidados auxiliares de enfermaría: 124 prazas  
Técnico/a en farmacia: 26 prazas

O **prazo** para presentar solicitudes estará aberto ata o **20 de agosto de 2015**.

**Máis información no DOG do 30 de xuño** e en [www.sergas.es](http://www.sergas.es)

## Profesorado de Xoiaría e Ourivaría

**Mercores, 01 Xullo 2015 15:24**

A Consellería de Educación abre **un prazo para solicitar prazas de interinidades e substitucións para impartir docencia** no corpo de profesores de artes plásticas e deseño na especialidade de Xoiaría e Ourivaría.

**Requisitos:**

1. Título superior de Deseño na especialidade de Produto, plan de estudos LOE.
2. Licenciatura ou grao en Belas Artes.
3. Arquitectura ou Enxeñaría Industrial ou grao en Arquitectura ou grao en Enxeñaría en Tecnoloxías Industriais ou grao en Enxeñaría Mecánica.
4. Outra titulación de licenciatura ou grao universitario.

**Formación complementaria exigida a todas as titulacións:** Técnico superior nalgún dos ciclos formativos de grao superior que integran a familia profesional artística de Xoiaría da Arte.

Ter superado o curso Celga 4 de lingua galega ou ter a validación equivalente.

O **prazo** para presentar solicitudes estará aberto ata o **11 de xullo de 2015**.

**Máis información no DOG do 1 de xullo de 2015** e en [www.edu.xunta.es](http://www.edu.xunta.es)



## Prazas en Seaga

Mercores, 01 Xullo 2015 15:31

A **Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos, Seaga**, fai unha convocatoria para a selección de persoal temporal nas categorías profesionais de arquitecto técnico, enxeñeiro técnico de obras públicas, enxeñeiro técnico agrícola, enxeñeiro técnico forestal e capataz.

Máis información no DOG do 1 de xullo e en [http://www.epseaga.com/ofertas\\_emplo.php](http://www.epseaga.com/ofertas_emplo.php)

## Funcionario/a interino de técnico de xestión de administración xeral en Ribadeo

Xoves, 02 Xullo 2015 14:11

O **Concello de Ribadeo** necesita contratar **un/ha funcionario/a interino de técnico de xestión de administración xeral**.

O **prazo** para presentara solicitudes estará aberto ata o **22 de xullo de 2015**.

Máis información no DOG do 2 de xullo e no BOP de Lugo do 19 de xuño de 2015. OMIX de Ribadeo: 982 120 808.

## Persoal para o Concello de Ribeira de Piquín

Venres, 03 Xullo 2015 07:55

O **Concello de Ribeira de Piquín** necesitas contratar o seguinte persoal:

**Xefe de brigada (1):** Enxeñeiro de montes. Enxeñeiro técnico forestal. Técnico superior en xestión e organización de recursos naturais e paisaxísticos. Técnico en traballos forestais e conservación do medio natural, ou formación profesional equivalente.

**Peón condutor con carné de conducir B (1):** Certificado de graduado en ESO ou titulación equivalente.

**Peóns forestais (3):** Certificado de graduado en ESO ou titulación equivalente.

O **prazo** para presentar solicitudes estará aberto ata o **8 de xullo de 2015**.

Máis inforamción no BOP de Lugo do 3 de xullo de 2015.

## Peón medioambiental en Lobeira

Venres, 03 Xullo 2015 07:56

O **Concello de Lobeira** necesita contratar **un peón medioambiental**.

O **prazo** para presentar solicitudes estará aberto ata o **8 de xullo de 2015**.

Máis inforamción no BOP de Ourense do 3 de xullo de 2015.

## Convocadas 20 prazas de Facultativo de Sanidade Penitenciaria

Luns, 06 Xullo 2015 09:26

O *Ministerio de Interior*, convoca estas **20 prazas**, polo sistema de oposición. O **prazo** de presentación de solicitudes é de **20 días naturais**, contados a partir da publicación no BOE o **3 de xullo de 2015**.

[www.boe.es](http://www.boe.es)

## Convocada 1 praza de Educador Familiar e 1 de Técnico Medio de Educación no Concello de Arteixo

Luns, 06 Xullo 2015 09:26

As **dúas prazas** son convocadas polo sistema de concurso-oposición. O **prazo** de presentación de solicitudes é de **20 días** desde a publicación o **6 de xullo** no [www.boe.es](http://www.boe.es)

## Convocadas 5 prazas de bombeiro-condutor no Concello de Fuenlabrada

Luns, 06 Xullo 2015 09:28

As prazas son convocadas polo sistema de oposición.

O **prazo** de presentación de solicitudes é de **20 días naturais**, contados a partir da publicación o **6 de xullo** en [www.boe.es](http://www.boe.es)

## Convocadas 12 prazas de administrativo no Concello de Palencia

Luns, 06 Xullo 2015 09:28

As prazas son convocadas polo sistema de concurso-oposición. O **prazo** de presentación de solicitudes é de **20 días naturais**, contados a partir da publicación o **6 de xullo** en [www.boe.es](http://www.boe.es)

## Convocadas 69 prazas de operario especialista no Concello de Zaragoza

Luns, 06 Xullo 2015 09:29

As prazas da escala de **Administración Especial**, son de persoal de oficios, e o sistema selectivo é o concurso-oposición. O **prazo** de presentación de solicitudes é de 20 días naturais, contados a partir da publicación o **6 de xullo** en [www.boe.es](http://www.boe.es)

## Convocadas 12 prazas de técnico administración xeral no Concello de Zaragoza

Luns, 06 Xullo 2015 09:30

As prazas son convocadas polo sistema de oposición e o prazo de presentación de solicitudes é de 20 días naturais, contados a partir da publicación no BOE do **6 de xullo de 2015**. [www.boe.es](http://www.boe.es)

## Convocadas 275 prazas do corpo de Axudantes de Institucións Penitenciarias

Luns, 06 Xullo 2015 09:32

O **Ministerio do Interior**, convoca estas prazas polo sistema de oposición. O **prazo** de presentación de solicitudes é de 20 días desde a publicación o **2 de xullo** en [www.boe.es](http://www.boe.es)

## Técnicos de inserción laboral. Concello de Ames

Luns, 06 Xullo 2015 10:21

O **Concello de Ames (A Coruña)** convoca proceso selectivo polo procedemento de urxencia con carácter temporal a tempo completo

de dous postos de técnicos medios de inserción laboral/prospección de empresas, dentro do programa integrado para o emprego "**InserAmes-Brión VIII 2015/2016**".

Os interesados poderán presentar as solicitudes no rexistro xeral do Concello ou en calquera dos rexistros establecidos no artigo 38 da lei 30/1992, de 26 de novembro, de *Réxime Xurídico das Administracións Públicas* e do *Procedementos Administrativo Común*, durante os cinco días hábiles seguintes á data de publicación deste anuncio.

O modelo de solicitude, os requisitos e o contido integro das bases poderán acadarse e consultarse polos/as interesados/as na oficina do *Servizo de RRHH* do *Concello de Ames* e no taboleiro da sede electrónica do *Concello de Ames* ao que poderá acceder a través da páxina web do Concello ([www.concellodeames.org](http://www.concellodeames.org)).

## Listas de contratación de peóns e limpadores no Concello de Pontedeume

Luns, 06 Xullo 2015 14:06

O **Concello de Pontedeume** convoca concurso-oposición para a elaboración de listas para a selección de persoal laboral temporal non permanente nos seguintes postos:

*Peón*  
*Limpador/a*

O **prazo** para presentar solicitudes estará abeiro ata o **16 de xullo de 2015**.

**Máis información no BOP da Coruña do 6 de xullo de 2015 e na OMIX de Pontedeume**, teléfono 981 433 039.

## Persoal no Concello de Vilariño de Conso

Luns, 06 Xullo 2015 14:15

O **Concello de Vilariño de Conso** necesita contratar o seguinte persoal: 2 xefes de brigada, 2 peóns condutores e 6 peóns forestais, 3 condutores de moto-bomba para a formación de dúas brigadas de prevención e defensa contra incendios forestais

O **prazo** para presentar solicitudes estará abeiro ata o **10 de xullo de 2015**.

**Máis información no BOP de Ourense do 4 de xullo de 2015** e en [www.vilarinodeconso.es](http://www.vilarinodeconso.es)



NOVAS DE EMPREGO

EMPREGO PRIVADO

## Patronista A Coruña

Venres, 03 Xullo 2015 08:32

**Nortempo** selecciona patronista para importante empresa textil situada en arteixo.

**Máis información:** <https://www.empleate.gob.es/empleo/#/buscarOferta?search=A%20Coru%C3%B1a>

## Peón Agrícola A Coruña

Venres, 03 Xullo 2015 08:33

Preparar o terreo traballos básicos manualmente ou con pequena maquinaria, instalación de regadío, sembra, etc.

**Máis información:** <https://www.empleate.gob.es/empleo/#/buscarOferta?search=A%20Coru%C3%B1a>

## Cociñeir@ A Coruña

Venres, 03 Xullo 2015 08:33

Elaboración de masas, pizzas, pastas, salsas, etc. **Máis información:** <https://www.empleate.gob.es/empleo/#/buscarOferta?search=A%20Coru%C3%B1a>

## Operaria lavandería A Coruña

Venres, 03 Xullo 2015 08:35

Realizar funcións de lavandería, planchado, limpeza de habitacións e lugares comúns.

**Máis información:** <https://www.empleate.gob.es/empleo/#/buscarOferta?search=A%20Coru%C3%B1a>

## Comercial A Coruña

Venres, 03 Xullo 2015 08:36

**Colaborador oficial de Iberdrola A Coruña.** Captación de suministros tanto en residencial como pyme, etc.

**Máis información:** <https://www.empleate.gob.es/empleo/#/buscarOferta?search=A%20Coru%C3%B1a>

## Supervisor/a A Coruña

Venres, 03 Xullo 2015 08:36

Xestión dun centro de colectividade, **supervisión do persoal do colexio, uniformes persoal, trato provedores, etc.**

**Máis información:** <https://www.empleate.gob.es/empleo/#/buscarOferta?search=A%20Coru%C3%B1a>

## Programador Siebel A Coruña

Venres, 03 Xullo 2015 08:37

Desenvolvemento e análise de solucións entorno siebel.

**Máis información:** <https://www.empleate.gob.es/empleo/#/buscarOferta?search=A%20Coru%C3%B1a>

## Comercial telecomunicacións Pontevedra

Venres, 03 Xullo 2015 08:38

Búscanse candidatos para captación de clientes.

**Máis información:** <https://www.empleate.gob.es/empleo/#/buscarOferta?search=A%20Coru%C3%B1a>

## Supervis@r Pontevedra

Venres, 03 Xullo 2015 08:38

Selección dun posto de supervisión e coordinación de equipos de traballo en diferentes áreas.

**Máis información:** <https://www.empleate.gob.es/empleo/#/buscarOferta?search=A%20Coru%C3%B1a>

## Administrativ@ Pontevedra

Venres, 03 Xullo 2015 08:39

Funcións administrativas de apoio ó comercial, xestión da documentación, arquivo, atención telefónica a clientes nacionais e internacionais.

**Máis información:** <https://www.empleate.gob.es/empleo/#/buscarOferta?search=A%20Coru%C3%B1a>

## Delegado Pontevedra

Venres, 03 Xullo 2015 08:40

Para expansión a nivel nacional selecciona en todas as provincias delegados comerciais e xerentes de oficinas.

**Máis información:** <https://www.empleate.gob.es/empleo/#/buscarOferta?search=A%20Coru%C3%B1a>

## 4 Comerciais Ourense

Venres, 03 Xullo 2015 08:40

Precísanse 4 persoas para o departamento de atención o cliente e comercial para atención, captación e fidelización de clientes e empresas.

**Máis información:** <https://www.empleate.gob.es/empleo/#/buscarOferta?search=A%20Coru%C3%B1a>

## Vendedor/repartidor Ourense

Venres, 03 Xullo 2015 08:41

Realizará as seguintes funcións: prospección e visitas de clientes inicialmente na provincia de Ourense, a elaboración da base de datos, etc.

**Máis información:** <https://www.empleate.gob.es/empleo/#/buscarOferta?search=A%20Coru%C3%B1a>

## 3 supervisores Ourense

Venres, 03 Xullo 2015 08:42

Selecciónanse **3 persoas** para o posto de supervisión e coordinación de equipos de traballo en diferentes áreas.

**Máis información:** <https://www.empleate.gob.es/empleo/#/buscarOferta?search=A%20Coru%C3%B1a>

## Comercial Ourense

Venres, 03 Xullo 2015 08:42

Comercial independente con comisións por venda. Horario de tenda.

**Máis información:** <https://www.empleate.gob.es/empleo/#/buscarOferta?search=A%20Coru%C3%B1a>

## Administrativo Ourense

Venres, 03 Xullo 2015 08:43

Selección e formación de directores e administrativos comerciais para dirixir unha axencia ou realizar as xestións administrativas e comerciais oportunas.

**Máis información:** <https://www.empleate.gob.es/empleo/#/buscarOferta?search=A%20Coru%C3%B1a>



## Azafata Lugo

Venres, 03 Xullo 2015 08:44

Precísase azafata para campaña de promoción a nivel galego durante 15 días do mes de xullo.

**Máis información:** <https://www.empleate.gob.es/empleo/#/buscarOferta?search=A%20Coru%C3%B1a>

## Administrativo Lugo

Venres, 03 Xullo 2015 08:44

Selección e formación de directores e administrativos comerciais para dirixir unha axencia ou realizar as xestións administrativas e comerciais oportunas.

**Máis información:** <https://www.empleate.gob.es/empleo/#/buscarOferta?search=A%20Coru%C3%B1a>

## Vinilador/a Lugo

Venres, 03 Xullo 2015 08:45

Selección persoal cualificado con experiencia no montaxe de vinilos para entidades financieras para lugo.

<https://www.empleate.gob.es/empleo/#/buscarOferta?search=A%20Coru%C3%B1a>

## Encargado/a 40 h Lugo

Venres, 03 Xullo 2015 08:46

Experiencia como encargado en tendas do sector textil, o menos 1 ano. Dirección de equipos, flexibilidade, formación e desenvolvemento de persoas, xestión de tendas, etc.

<https://www.empleate.gob.es/empleo/#/buscarOferta?search=A%20Coru%C3%B1a>



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE TRABALLO  
E BENESTAR  
Dirección Xeral de  
Xuventude e Voluntariado



**xuventude.net**